

Narrativa O escritor Bieito Iglesias reflexiona sobre a conflitiva recepción da novela de Blanco Amor no sistema literario galego

A esmorga (sedelas)



Pipotes de viño na bodega dun furancho // Arquivo

Acaba de publicar Galaxia unha versión íntegra d' *A esmorga*, libre de emendas da censura. As vicisitudes editoriais da novela foron estudadas por Xosé Manuel Dasilva, quen dá conta tanto da súa prohibición en 1956 como das mutilacións sufridas na edición dos anos setenta. A prohibición baseouse nun informe do falanxista Miguel Piñarnaveja que a descualificaba nos seguintes termos: "Burda novela corta, en gallego, en la que se narran las aventuras y desventuras de tres borrachos". A expurga de quince anos despois afecta a pasaxes ofensivas prá Garda Civil, en concreto proponse suprimir a palabra "sargento" aquí, un "asasinos" acolá, ou frases inteiras alusivas ao tratamento recibido pola Benemérita: "a hostia limpa", "culatazos con que alí mesmo a mallou a parexa...". A versión deturpada non atenta contra a esencia do relato aínda que lle resta patetismo e atenúa o retrato da represión. Máis interesante que a opinión dos censores é a avaliación crítica que mereceu no campo das letras galegas, de parte de persoeiros galeguistas que non gastaban tricornes.

É *A esmorga* un romance brutalista ao estilo do Pascual Duarte. A historia "dos tres borrachos" de Blanco Amor quizais nunca chegaría a ramo novelesco de non existir o precedente relato de Camilo J. Cela, redactado quince anos antes e publicado na súa terceira edición por Emecé no ano 1945, en Buenos Aires, cunha eloxiosa nota limiar do escritor ourensano. A relación coa obra do padronés foi sinalada en máis dunha ocasión por Ramón Piñeiro: "*A esmorga* é unha boa novela... Inda que aproveita a técnica de Camus e se inspira, máis ou menos, inmediatamente, no tremendismo de Cela, o certo é que logrou unha obra ben feita" (carta a Basilio Losada). A dicir verdade, Piñeiro non estimaba demasiado o traballo blancoamoriano, que interpretaba como un ataque do galeguismo do exilio americano á "cultura de salón" de Galaxia: "Hai unha reacción contra o intelectualismo que polo visto padecemos, e encomendáronlle a Blanco Amor que escribise esta obra e logo enviárona aquí. Sucede que se pasou da raia na dose de populismo e fixo unha obra en que as personaxes, o ambiente e mailo idioma teñen moito máis de canalla que de po-

pular" (carta a Fernández del Riego). Álex Alonso Nogueira ten estudado esta tirapuxa entre o piñeirismo e as obras do Eduardo e de Luís Seoane (*La soldadera*) como fruto da tensión ideolóxica dentro do campo literario galego entre o social-realismo e a estetización, entre intelectualismo e populismo, en definitiva como un conflito político, ideolóxico e de clase.

Foi no entanto Carballo Calero, entre os escritores do grupo galáctico, o máis severo na avaliación da narrativa do autor que aquí nos ocupa: "Blanco Amor, como Castelao, está pouco predisposto a atopar valores morais no señorío; pero en *Xente ao lonxe* hai páxinas que poden considerarse cruéis caricaturas do obreirismo socialista... A evidente propensión deste narrador a presentar en toda a súa viveza situacións de miseria moral e física, sen pararse en marras na reprodución da fala popular, amósanolo como un adepto do naturalismo, e carece de relevancia para fundamentar unha concepción sociolóxica ou filosófica".

Creo que hai un erro de perspectiva nesta avaliación porque, se ben é certo que a novela expón un fragmento de

vida histórica, isto non significa que o seu autor se apunte á doutrina do realismo decimonónico do espello colocado diante do mundo real nin que se propoña inxenuamente ofrecerlle ao lector unhas tantas lascas de vida. De feito, esta narración podería adscribirse ao "realismo crítico" e ata ao "realismo social" en varias pasaxes, aínda que en Blanco Amor resulte sempre un algo forzado este rexistro. O seu instinto lévao cara a descrición de mundos precapitalistas, cara o territorio do "bo selvaxe". Entendo que ese mito romántico está detrás da preferencia polos "perdidos", por personaxes que habitan ao ventimpeiro fóra das convencións e da orde social. Isto explica a súa empatía cun elenco de nugallaos, bébedos e liantes. No tocante ao realismo, pró Eduardo, como pró seu parente espiritual (Pasolini), que lle chamaba cinema-prosa ao argumento e cinema-poesía a aqueles filmes espidos viciños do documental, "a realidade é unha aparición sacra".

A esmorga documenta unha xornada de tango, unha farra punteada por pelexas a faca, incendios e amores venais, rematada cunha explosión de violencia

inaudita. A pulsión que move aos protagonistas é preferentemente sexual. Asistimos á tensión subterránea dunha paixón homoerótica, a que experimenta o Milhomes en presenza do Bocas, personaxe escindida entre as atencións do seu compañeiro, que o seducen e anoxan a un tempo, e o desexo de conseguir un éxtase heterosexual fóra da vulgar visita ás casas de citas. A crátera da novela chega cando avistan desde a cancela dun xardín pacego a unha señora debuzada no balcón, fermosísima, elegante, inalcanzable. Como King Kong, feliz na súa illa ata que se ve ferido pola beleza dunha intrusa loira, o Bocas xa non terá sosego nas horas seguintes nin achará alivio nos desafogos habituais (liortas co Milhomes, amores de pago), excitado por ese impulso cara á excelencia. Arribamos daquela a extremas que esixen unha vítima propiciatoria e ese papel de año degolado correspóndelle á Socorrito, toliña que desexa que lle faga un fillo un amante perfumado, o envés dos alcatreantes candidatos que se lle ofrecen, e que se conforma, encanto e non atopa con quen realizar esa cópula balsámica, con darlle colíños a un boneco de trapo. Os loucos do mundo popular expresan a radical tendencia á alienación lingüística, étnica, de clase... como o proban varios casos clínicos documentados no terri-

torio novelado por Eduardo. A Socorrito tiña e ten a quen semellarse. Imítase, por exemplo, á R. que andaba ata hai pouco polo arrabalde da Ponte procurando un amor que a empreñase a condición de que fose forasteiro. Se un indíxena se postulaba como semental, era invariablemente rexeitado con desdén: “De los gallegos ni el aliento”. Dos porcós que cheiran a castrón ou bubelo non cabe esperar descendencia bendada, como así tampouco dos que falan vernáculo, razón pola cal os máis dos guillados aurienses adoptaban a lingua de Cervantes ou algo parecido. Os pobres, explica Michel Tournier n’*Os meteoros*, chegan a dudar da súa propia condición humana e, pra safar da animalidade, arremedan o modelo humano máis próximo: o pequeno burgués. Pois ben, os tolos pobres estreman as cousas e adoptan expedientes aínda máis fanáticos.

“A relixión das masa é o sexo”, algo así proferiu Baudelaire, e Albert Camus acrecentou n’*A caída* unha escandalosa definición do noso tempo: “O home contemporáneo? Copula e le xornais. Despois diso esgótase o tema”. As dúas citas veñen ao caso se falamos das personaxes d’*A esmorga*, que no reducido lapso de vinte e catro horas celebran un culto orxiástico, dionisiaco, frecuentando tabernas e bordeis ata que esa luz lívida e mortuaria

do abrete, típica dos cadros de Caravaggio, as esperta da ebriedade confrontándoas coa traxedia. Pero o lector non ten a impresión de acharse perante un final moralizante característico dalgunhas novelas picarescas (e dun certo Camus: “A libertinaxe é un longo soño”), nin cunha investigación dun naturalismo zoológico á moda de Zola. A referencia a Camus só é pertinente se consideramos os pormenores formais da novela, que adopta unha técnica telefónica análoga á de *La chute*, ou o uso do clima como detonante ou espello de procesos psicolóxicos. Estamos en presenza da *gioia* pasoliniana, da alegría que resudan filmes como *Accatone* (igualmente ambientado nos baixos fondos). O que retratan Pier Paolo Pasolini e Eduardo Blanco Amor é unha humanidade que lapexa na pobreza pero que atesoura unha insubornable tendencia á diversión. Ambos os dous acollen nos seus textos ese humorismo popular que circula polas marxes da sociedade e da historia, inmortalizado polos goliardos e os trobadores galaico-portugueses que compuxeron cantigas de escaño e maldicer.

A problemática recepción da literatura de Blanco Amor no pretensiosamente chamado sistema literario galego acaso non se deba a unha disensión política ou postura de clase, nin ao emprego dunha linguaxe soez situa-

da nos antípodas da lingua estilizada dos ensaístas de Galaxia. Nin sequera se trata dun “desvío” sexual, se cadra aconteceu que a súa literatura introducía laceración nunha pequena comunidade sitiada que o que menos necesitaba eran sedelas e en troques esixía dos autores fomentos de autoestima e unha formación compacta fronte ao inimigo. Certos escritores, pola súa materia ou polo seu método, dificilmente acadan a condición de “nacionais”. *A esmorga* non pertence ao repertorio nacional no sentido fundante que adquiriron *Merlín e familia* ou *Memorias dun neno labrego*. Todo gran escritor é lacerante? Non podemos contestar a esta pregunta en presenza de roupa tendida.

P.S.: Desculpen este texto atrapallado, escrito na cama, sen saúde e sen tabaco.

// Bieito Iglesias

A esmorga ·
Eduardo Blanco Amor ·
Galaxia, 2010 ·
120 páx · 12 euros

